

## COMUNICADO Nº 058/22 26 DE ABRIL DE 2022

### □ COMISIÓN DE AUTOCROSS:

Ante a mostra de moitos interesados do estamento de Autocross, **da modalidade Junior Carcross**, para que se implante no calendario de Autocross 2022 do Campionato de Galicia, a Comisión de Autocross acepta e implanta esta nova modalidade, que redundará en beneficio do Autocross de Base do Automobilismo Galego.

A regulamentación será a mesma que no Campionato de España de Autocross (CEAX), Regulamento Técnico Junior Carcross 2022. Crearase unha Comisión Técnica para verificar os motores nas súas terminais ECM Suzuki GSXR 600 K6-K7.

A partir da primeira proba, 25º Autocross O Castro podedes inscribiros como unha modalidade mais. Ó final do Campionato entregaranse, ó igual que as outras modalidades, **Trofeo de Bronce ó Campión, e Trofeo de Bronce ó Subcampión** da modalidade Junior Carcross 2022.

Amplíase folla de inscrición nos regulamentos da modalidade, e en comunicado vindeiro poranse os premios a dar por proba por acordo cos Comités Organizadores do Campionato de Galicia de Autocross 2022.



COMISIÓN DE AUTOCROSS  
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO